

MIL CURSOS EN 89 CONCELLOS

Formación dixital para todos



Ana Díaz e Alfonso Cabaleiros, na presentación do programa formativo.

■ A Xunta ten en marcha o Programa de Formación da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT), a través do cal impártense en 89 concellos galegos máis de mil cursos de alfabetización dixital gratuitos, cunha asistencia estimada de 10.000 alumnos. As aulas CeMIT acollen no marco deste programa cursos gratuitos relacionados con el sector audiovisual e multimedia desenvolto pola Secretaría xeral de Medios, que dirixe Alfonso Cabaleiros.

As temáticas e niveis dos cursos son distintos en función do destinatario ao que vaian dirixidos. Así, os diferentes servizos teñen como público obxectivo cinco colectivos: a cidadanía; os profesionais das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación), tanto ocupados como desempregados; as empresas, micropemes e autónomos; os empregados públicos; e os axentes territoriais, colectivo que agrupa aos servizos municipais, asociacións civís, empresariais, Ongs, Anpas etcétera.

O cometido principal destes cursos consiste en pro-

REDE CEMIT

A nova Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica de Galicia (Rede CeMIT) é unha iniciativa impulsada dende a Xunta de en colaboración cós concellos, co obxectivo de facilitar o acceso igualitario da cidadanía a formación dixital. A Rede convértese así nun instrumento esencial de soporte á nova estratexia en materia de Sociedade de Información, definida a través da Axenda Dixital 2014. Está enmarcada no Plan Estratégico Galicia 2010-2014 que ten como fin acadar a converxencia tecnolóxica con Europa no horizonte do ano 2020. A Rede CeMIT nace cos obxectivos estratéxicos de vertebrar territorial e socialmente Galicia, en especial onde a fenda dixital se fai máis evidente, e impulsar, potenciar e difundir os coñecementos nas tecnoloxías da información e a comunicación en varios colectivos principalmente: cidadanía, profesionais, empresas ou axentes territoriais.

mover a integración das TIC na sociedade galega, especialmente nos colectivos nos que a fenda dixital é maior.

AULAS

As aulas CeMIT veñen programando ao longo deste ano 2011 actividades formativas nas 94 aulas da rede, dotadas con internet, e distribuídas nos 89 concellos adheridos á Rede CeMIT. Isto supón preto de 10.000 horas de formación. Estas aulas serven de instrumento para promover a alfabetización dixital da sociedade galega, sendo o

vehículo a través do cal os cidadáns poden iniciarse nas tecnoloxías da información e a comunicación grazas aos cursos e charlas que nelas se imparten.

Os interesados en realizar algún curso recollido neste programa formativo poden reservar a su praza a través da web, www.cemit.xunta.es, ou do número de teléfono, 902.222.321.

Os cursos os que se pode acceder están clasificados nas seguintes categorías temáticas:

- Formación básica: uso das novas tecnoloxías nos



Unha das aulas formativas promovidas pola Xunta dentro da Rede CeMit.

colectivos con maior risco de exclusión.

- Orientación laboral: como utilizar internet para a búsqueda de emprego.

- Redes Sociais: actividades encamiñadas a coñecer as novas redes sociais examinando os perigos e as vantaxes das mesmas.

- Comercio e banca: actividades orientadas a coñecer as vantaxes de realizar compras, vendas e trámites bancarios a través de internet.

- Ocio e servizos da rede: actividades enfocadas a coñecer e explorar recursos dispoñibles en internet dedicados o ocio e a diversión.

- Equipamentos TIC e conectividades: actividades orientadas a coñecer, manexar e configurar equipamento TIC (ordenadores, móbiles...).

A REDE CEMIT CONTA CUN TOTAL DE 94 AULAS, DOTADAS CON INTERNET E DISTRIBUÍDAS NOS 89 CONCELLOS ADHERIDOS A MESMA. ISTO SUPÓN PRETO DE 10.000 HORAS DE FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS

- Ofimática: actividades orientadas a expoñer e empregar ferramentas das TIC para a redacción de documentos, elaboración de follas de cálculo.

- Seguridade TIC: actividades enfocadas a detectar as principais ameazas das TIC e a adoptar medidas de protección dos datos e do ordenador.

- Deseño gráfico: actividades encamiñadas a expoñer e empregar novas formas de comunicación: correo electrónico, mensaxería ou TDT.

- Administración electrónica: actividades que neste caso están enfocadas a promocionar o emprego dos servizos electrónicos das administracións públicas dispoñibles en internet.

- Xestión de empresa: actividades fundamentalmente orientadas a expoñer as vantaxes de solucións TIC xenéricas que axuden as empresas a mellorar os seus procesos de negocio. ■

A PROVINCIA É A PRIMEIRA EN CONTAR CON COBERTURA EN TODOS OS CONCELLOS

Ampliación da oferta televisiva

■ A provincia de Ourense foi a primeira de Galicia en contar en todos os seus concellos con acceso á oferta de televisión a través da TDT, a Televisión Dixital Terrestre, para o cal se realizou un investimento de cerca de 3.800.000 euros coa instalación dos diferentes centros emissores, aos que lles hai que sumar 322.000 euros máis para ampliar a oferta de canles de TDT.

Ao longo deste ano, instaláronse novos múltiplex en centros xa operativos, o que permite recibir un maior número de canles de TV dixital na zona de cobertura de cada reemisor chegando a preto de 27.100 persoas que poderán disfrutar de todas as canles da TDT, que se distribuirán da seguinte forma:

- Canle RGE: TVEHD, TDP (Teledeporte)

- Canle MPE1: Cuatro, Canal+Dos, LaSexta2, - - LaSexta3, LaSextaHD

- Canle MPE2: Boing, TelectincoHD, MTV, La 10

- Canle MPE3: Nitro, Antena3HD, MarcaTV, 13TV

O inicio das emisións destes novos múltiplex, un total de 67, forma parte do Plan da Xunta de Galicia da homoxeneización de coberturas.

DIVIDENDO DIXITAL TDT

A Televisión Dixital Terrestre (TDT) é a tecnoloxía para difundir sinais de televisión que substituíu á televisión analóxica convencional. En TDT, as transmisións de imaxe e son realízanse en tecnoloxía dixital, o que permite un incremento do número de canles de televisión, unha mellor calidade e a posibilidade de incorporar servizos interactivos que outorgan aos espectadores a capacidade de constituírse como un elemento activo dentro do mundo audiovisual.

O pasado mes de marzo o Goberno do Estado aprobou o chamado Decreto do Dividendo Dixital polo que se regula a asignación dos múltiplex da TDT tralo cese das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica. Segundo este Real Decreto, cada unha das seis sociedades concesionarias do servizo público de ámbito estatal


de televisión privada accederá a un múltiplex dixital de cobertura estatal e a Corporación RTVE accederá a dous múltiplex dixitais de cobertura estatal. Por outra parte reserváanse a cada unha das comunidades autónomas, dous múltiplex dixitais de cobertura autonómica.

Destá maneira pasase dos cinco múltiplex estatais a oito novos múltiplex dixitais de TDT de ámbito estatal.

Durante o Plan de Transición á TDT, en Galicia puxéronse en marcha as canles de televisión dixital terrestre que substituían á obsoleta televisión analóxica, pasando a dispoñer de cinco múltiplex estatais e un autonómico cun total de máis de 24 cales de televisión (cada múltiplex ten capacidade para catro ou cinco canles de TV).

Agora, coa ampliación derivada dese Real Decreto, incrementouse a oferta de TDT, pasando a dispoñer de nove múltiplex de TDT e máis de 40 canles de televisión, que xa prestan cobertura nas cidades e grande áreas de poboación. ■

Centros emissores de TDT en Ourense



Antena de emisión.

RESINTONIZACIÓN EN XULLO DO 2012

As cadeas da Televisión Dixital Terrestre (TDT) volverán cambiar de frecuencia a partir do mes de xullo de 2012, o que implicará que os fogares teñan que adaptar de novo a súa antena ou volver a sintonizar as súas televisións a partir dese momento, aínda que a data en que haberá que axustarse ao cambio dependerá de cada territorio, segundo o Plan Marco para a liberación do 'dividendo dixital' aprobado no Consello de Ministros.

Así, do mesmo xeito que ocorreu co 'apagamento analóxico', que supuxo a substitución da televisión analóxica pola dixital, esta fase de transición non ocorrerá á vez en toda España, senón que en cada territorio as cadeas cambiarán de frecuencia en datas distintas, entre xullo de 2012 e o 31 de decembro de 2014, data límite para completar o "dividendo dixital".

O plan, que inclúe os pasos necesarios para liberar parte de espectro radioeléctrico que ocuparán as operadoras de telefonía móbil en 2015, prevé un período transitorio no que as cadeas de TDT que teñan que mudarse emitirán tanto na frecuencia antiga como na nova, de modo que os usuarios dispoñan do tempo suficiente como para facer os cambios necesarios para continuar vendo as cadeas.

O plan tamén contempla un programa de compensacións para sufragar as emisións simultáneas en distintas frecuencias dos canles e para, nos casos que sexa necesario, a adaptación das instalacións receptoras, compensando deste xeito os perxucios pola liberación do dividendo dixital. Para elo, débense establecer as necesidades concretas e determinar, segundo as disposicións presupuestarias, as cantidades que se destinarán a súa distribución no tempo.

O plan inclúe tamén unha serie de actuacións de comunicación dirixidas a cidadáns e administracións para explicar o cambio dos canles da TDT e minimizar o impacto ocasionado nos axentes afectados e os usuarios. ■

PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL

Información sen barreiras

REDACCIÓN.VIGO
especialad@atlantico.net

Os medios de comunicación, debido ao seu impacto social, poden ser “efectivos instrumentos da conciencia colectiva necesaria para lograr a integración social e laboral”. Xa que logo, deben prestar especial atención ao “tratamento informativo, ás pautas de estilo e á linguaxe que empregamos” á hora de tratar cuestións relacionadas coa discapacidade. Esta foi unha das principais conclusións da recente xornada sobre “O tratamento da discapacidade nos medios de comunicación”, desenvolvida en Santiago de Compostela o pasado 21 de outubro e organizada pola Xunta de Galicia en colaboración do Comité de Entidades Representantes de persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI-Galicia).

O secretario xeral de Medios da Xunta de Galicia, Alfonso Cabaleiro, no marco da inauguración deste encontro, instou aos medios de comunicación a coidar o tratamento informativo da discapacidade para seren “instrumentos de conciencia” que contribúan á integración social e laboral.

Cabaleiro insistiu na necesidade de que os profesionais da comunicación realicen “un serio esforzo de formación e actualización continuas”, así como de que se produza “un recoñecemento desa necesidade por quen exerce labores directivos nas empresas”.

Neste senso, salientou que o departamento que dirixe está a dar pasos importantes relacionados coa discapacidade, como a elaboración, en colaboración con CERMI-Galicia, da Guía de Boas Prácticas que se entregou aos participantes da xornada e que forma parte das iniciativas do 'Plan de acción integral para as persoas con discapacidade Galicia 2010-2013'. Cabaleiro tamén anunciou que os convenios que asine a Secretaría Xeral de Medios coas distintas empresas de información incluírán unha cláusula que recolla o compromiso dos mesmos de que “pau-

CERMI-GALICIA

FORO DE DEBATE

O Comité de Entidades Representantes de persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI-Galicia) é unha organización sen ánimo de lucro cuxa finalidade é participar plenamente na vida social para defender os dereitos das persoas con discapacidade. Trátase dunha entidade, que na actualidade preside Anxo Queiruga, con 13 anos de historia e que aglutina a numerosas federacións, asociacións e colectivos que traballan no eido das discapacidades para a súa representación fronte ás distintas Administracións públicas e entidades privadas. O seu obxectivo principal é o de ser un foro de estudio e

debate sobre as cuestións que afectan ao colectivo de discapacitados (quedan fóra das súas funcións a xestión de programas ou servizos finalistas ou prestacionais, que competen só as distintas entidades que conforman este comité). Xa que logo, o seu traballo céntrase no deseño de políticas de actuación encamiñadas a conquistar a normalización social das persoas con discapacidade; na análise dos diferentes problemas xerais e de importancia que afecten ó sector das persoas con discapacidade e a no acordo de posicións unitarias no prantexamento das súas demandas e actuar, deste xeito, coma unha soa voz.

latinamente vai adquirindo compromisos de facer o seu medio accesible a todas as persoas”.

A xornada contou tamén coa presenza da secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, quen indicou que a guía de boas prácticas dirixida aos medios de comunicación é unha ferramenta “moi útil”, xa que a súa finalidade é que “se logre sensibilizar á sociedade de que as persoas con disca-

medidas. Destacou, que, polo tanto, se trata dun “importante reto de coordinación e participación”. Ademais, sinalou que este instrumento está sometido tamén ao seguimento do Diálogo Social.

PLAN DE ACCIÓN

As medidas do 'Plan de acción integral para as persoas con discapacidade' articúlanse en torno a 10 eixos: protección dos dereitos; igualdade de xénero e transversalidade; accesibilidade; promoción da autonomía persoal; educación; formación e emprego; recursos no ámbito dos servizos sociais; saúde e atención sociosanitaria; atención temperá; cultura, deporte e tempo de lecer. Na xornada participou o xornalista Juan Antonio Ledesma, presidente da Comisión Social da Discapacidade e Medios de Comunicación do CERMI estatal. Ledesma incidiu na importancia da linguaxe, e indicou que existe un amplo consenso para usar os termos discapacidade e persoas con discapacidade, como fórmulas que non estigmatizan nin prexulgan un menor valor. Así mesmo, animou a traballar para superar as barreiras no acceso aos medios de comunicación que fan imposible a igualdade efectiva.■

OS PROFESIONAIS SALIENTAN A IMPORTANCIA DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E DO TRATAMENTO DAS NOTICIAS PARA LOGRAR A INTEGRACIÓN SOCIAL E LABORAL

pacidade son cidadáns con dereitos”.

Piñeiro incidiu en que esta publicación forma parte do 'Plan de Acción para Persoas con Discapacidade de Galicia', un documento “transversal” que implicou a toda a Xunta, a entes públicos, ás universidades e a entidades sociais, tanto na súa elaboración como na posta en marcha das súas



O secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro, con Coro Piñeiro e Anxo Queiruga, na xornada sobre o tratamento da discapacidade. Debaixo, xunto ao xornalista Juan Antonio Ledesma.

DECÁLOGO

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS

A Guía de Boas Prácticas, elaborada pola Xunta de Galicia en colaboración con CERMI-Galicia, e editada tamén en formato de lectura doada e en braille, pretende “promover unha cultura xornalística de compromiso coa discapacidade”. Estas son as medidas propostas:

- Deixar a un lado o enfoque caritativo ou victimista.
- Dar voz ás persoas con

discapacidade como cidadáns independentes e protagonistas das súas propias vidas.

- Evitar a linguaxe discriminatoria.
- Ofrecer unha imaxe activa das persoas con discapacidade.
- Incluír ás persoas con discapacidade como parte da poboación xeral en todo tipo de informacións.
- Mostrar ás persoas con discapacidade como cidadáns de pleno dereito, subliñando

as súas capacidades e favorecendo unha visión normalizadora.

- Abordar a información dende un enfoque contextualizado.
- Cubrir os temas da discapacidade de forma proporcionada, sen caer na conmisericordia nin presentar á persoa con discapacidade coma un heroe.

A Guía lembra que as edicións dixitais, diarios, portais e webs deben ser accesibles.

SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN E "GALICIAABERTA"

Fondos para formar ós inmigrantes

F.D. OURENSE
especiales@laregion.net

■ A Secretaría xeral da Emigración otorgou en 2011 subvencións a entidades sen ánimo de lucro para desenvolver accións de formación laboral da poboación inmigrante e retornada na Comunidade Autónoma galega, facendo especial incidencia na utilización das novas tecnoloxías.

Sumando estes cartos aos que Emigración destina para subvencionar programas levados a cabo polas ONGDs para acollida e integración social, a cifra global acadada os setecentos mil euros dedicados por Emigración a programas de inserción da poboación inmigrante e retornada con enderezo en Galicia xestionados directamente por entidades sen ánimo de lucro.

A esta cantidade, ademais, cómpre engadir tamén 400.000 destinados a axudar a accións similares desenvolvidas por corporacións locais. En global, Emigración destina máis de un millón de euros a subvencionar accións de inserción social e laboral do colectivo.

Pero esta cantidade vese aínda incrementada en 650.000 euros máis se se engaden os convenios asinados, e mailas ordes de axudas dispostas, cos concellos de Galicia para accións tales como o mantemento de oficinas municipais de información ao inmigrante e retornada ou retornada, ou outras similares de apoio loxístico á integración. En total, Emigración destina máis de 1.700.000 euros a axudas e subvencións para ONGDs e concellos coa fin de que favorezan a integración de inmigrantes e persoas retornadas.

Son quince as entidades que se beneficiaron da orde máis recente (a dotada con 300.000 euros, obxecto desta nota), que recibiron entre 3.360 e 115.680 euros de subvención. Estes fondos están cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e serán 47 os cursos que se desenvolverán grazas a eles, dos que se beneficiarán máis de 700 alumnas e alumnos

A Secretaría Xeral tivo sempre presente, á hora de



decidirse polos proxectos a subvencionar, o interese da iniciativa candidata, e a compensación coas vilas e comarcas con meirande presenza, porcentual e global, de poboación inmigrante e retornada. Tódalas organizacións beneficiarias terán, por descontado, que acreditar documentalmente as accións formativas pertinentes para cobraren as axudas oficias.

A resolución da fin á convocatoria realizada a finais do ano pasado, na que se fixaba sistema de concorrencia competitiva, é dicir, elección das mellores ofertas entre tódalas presentadas, segundo baremo técnico publicado, e acorde aos obxectivos estratéxicos marcados pola propia Secretaría. ■

CLAUSURA DE CURSOS

O pasado martes tivo lugar o acto de entrega dos diplomas acreditativos correspondentes aos cursos de 'Camareira/o en establecementos hostaleiros', 'Cociña' e 'Camareiro/a', desenvolvidos en Santiago nos pasados meses. Trátase de tres novas iniciativas sufragadas pola Secretaría Xeral da Emigración dentro da liña de accións que axuden á integración social e laboral dos inmigrantes.

Os dous primeiros foron impartidos pola Confederación de Empresarios de Hostalaría de Galicia; e o terceiro por Academia Postal, membro da A.C.H.. Cada un dos cursos contou con quince alumnase alumnos, nos que predominaba unha idade entre 30 e 40 anos. O curso de 'Camareira/o en establecementos hostaleiros' foi realizado por 11 mulleres e 4 homes, 5 deles procedentes de Colombia, 2 de Cuba, e cadanseu alumno/a de Brasil, Ecuador, Italia, Nicaragua, Nixería, Paraguai, Uruguai e Romanía. O curso contou con 60 horas prácticas e 40 teóricas, nas que o alumnado aprendeu

sobre arranxo de habitacións e zonas comúns; limpeza e posta a punto de habitacións, zonas comúns, mobiliario e elementos decorativos; atención á clientela en operacións de limpeza; técnicas de procura de emprego; e prácticas profesionais non laborais.

O curso de 'Cociña' foi realizado por 4 mulleres e 11 homes, 5 deles procedentes de Colombia, 2 de Cuba e 2 de Brasil, e cadanseu de Ecuador, Nicaragua, Nixería, Paraguai, Uruguai e Romanía. O curso contou con 80 horas prácticas e 70 teóricas, nas que o alumnado aprendeu sobre manipulación de alimentos; elaboracións elementais; pratos combinados e aperitivos; técnicas de procura de emprego; e prácticas profesionais non laborais.

Finalmente, o curso da A.C.H., o de 'Camareira/o', foi realizado por 9 mulleres e 6 homes, dos cales 6 proceden de Colombia, outros 4 de España (emigrantes retornados), 2 de Venezuela, e cadanseu de Brasil, Arxentina e Portugal.

CAMPAÑA

SENSIBILIZACIÓN

A Secretaría Xeral da Emigración fixo unha campaña pioneira de sensibilización entre a cidadanía para promover unha meirande integración do colectivo de inmigrantes e retornados na Comunidade Autónoma, a través de diversos produtos de merchandising que invitan e axudan á reflexión. Aínda que os datos reflectidos no Barómetro da Inmigración en Galicia son moi positivos respecto da integración de nados no estranxeiro, o Goberno galego quere facer fincapé en certos valores para prever posibles condutas xenófobas no futuro. Así, a campaña incide nunha imaxe positiva do feito migratorio, poñendo de manifesto a contribución das persoas inmigrantes no desenvolvemento de Galicia e promovendo os valores de igualdade, solidariedade e non discriminación. A iniciativa forma parte da nova estratexia anual desenvolvida pola subdirección xeral da Inmigración e do Retorno, pois constitúe en realidade unha segunda etapa do concurso escolar Un mundo de cor, que se desenvolveu este pasado curso 2010/11. Neste concurso, invitouse aos centros educativos infantís de primaria e secundaria de Galicia a que os seus escolares participasen na creación dunha imaxe que representase a pluralidade de razas, crenzas e procedencias presentes na sociedade galega. Precisamente, un re-styling dalgunhas das imaxes gañadoras do concurso foi a base da campaña que se está a desenvolver. A campaña desenvólvese cada día da semana nunha ou varias zonas de costa onde se concentra boa parte da poboación nesta época estival, e tamén en Lugo e Ourense. En cada localidade, unha azafata e unha persoa inmigrante en representación do seu colectivo acudiron a xornada.

PLAN DE AMPLIACIÓN DA COBERTURA E NOVAS CANLES

Televisión en todos os fogares

REDACCIÓN. VIGO
especialad@atlantico.net

■ O paso da televisión analóxica á dixital supuxo un salto en todos os niveis, xa que permitiu mellorar a oferta de canles televisivas e a calidade do sinal. Porén, e logo dun ano do apagón analóxico, producido no 2010, non todos os fogares poden disfrutar aínda plenamente da chegada da Televisión Dixital Terrestre (TDT) debido a algúns desaxustes producidos neste tempo. O problema radica en que algúns centros emisores rurais só estaban preparados para emitir as canles de televisión previstas inicialmente, a través dos chamados múltiplex, e que hai pouco foron ampliados de cinco a nove. Isto supuxo que algunhas delas cambiaran de frecuencia e que en moitas casas se deixaran de ver canles que tras a chegada da TDT si se vían, como a TVE-HD.

Para corrixir esta situación, a Xunta de Galicia puxo en marcha un plan de homoxeneización de coberturas, coa posta en funcionamento de novos múltiplex (canaís de frecuencia radioeléctrica que permiten albergar varios programas dixitais de televisión).

Deste xeito, desde o pasado mes de setembro ata agora estanse a acender progresivamente 65 centros emisores cos novos múltiplex, o que permitiu xa achegar a oferta completa da TDT a preto de 280.000 persoas que non a recibían.

Este plan de homoxeneización de coberturas está cofinanciado entre a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e supuxo uns investimentos de máis de dous millóns de euros. En concreto, investíronse 419.000 euros na provincia de Pontevedra, para 13 centros de emisión que dan cobertura a 69.400 persoas; 322.000 euros en Ourense en 10 centros que emiten sinal para unha poboación de 27.100 persoas; 806.000 euros en Lugo en 25 centros e cobertura para 75.880 habitantes, e 548.000 euros na

CENTROS DA PROVINCIA

60.000 BENEFICIARIOS

Máis de 60.000 persoas duns 40 concellos da provincia de Pontevedra disfrutan de todos os contidos que ofrece a TDT ao incorporar novos múltiplex a 11 centros emisores.

En Cangas, comezaron a funcionar o 15 de setembro e permiten completar a oferta da TDT a preto de 5.000 persoas dos concellos de Bueu, Cangas e Nigrán, así como doutras localidades limítrofes. Tamén en Oia uns 1.000 veciños xa reciben a oferta completa da TDT, que se emite dende o centro emisor Oia2. En Marín, os beneficiarios son 3.000 veciños que reciben a oferta completa logo da instalación de novos múltiplex no centro

de San Xulián. O mesmo ocorre nos dous centros de Tomiño e Mondariz, que emiten para uns 21.000 veciños de Tomiño, Covelo, Mondariz, Mondariz-Balneario e Pontearreas.

Un dos centros emisores con novos múltiplex que emite para maior número de veciños, uns 13.000, é o de Xesteiras, que dá cobertura a habitantes dos concellos da Estrada, Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Forcarei, Meis, Moraña, Pontevedra, Portas, Ribadumia e Vilanova de Arousa, así como para Vedra, na Coruña. Teledeporte, MarcaTV ou Boing son algunhas das canles que agora chegan a estes fogares.

Coruña en 17 centros e cobertura para 108.450 habitantes.

Os beneficiados da posta en marcha dos novos múltiplex poden disfrutar das novas canles da TDT, que se distribúen da seguinte forma: Canle RGE: TVE-HD, TDP (Teledeporte); Canle MPE1: Cuatro, Canal+Dos, LaSexta2, LaSexta3, LaSextaHD; Canle MPE2: Boing, Te-

A continuación, bastará con realizar unha busca de canles no receptor de TDT. No caso das comunidades de veciños, pode ser necesario axustar a antena colectiva para asegurar a calidade da recepción. Así mesmo, para poder ver as canles que emiten en alta definición será necesario, ademais, dispor dun receptor con sintonizador de alta definición HDTV.

TECNOLOXÍA GALEGA

O acceso dos novos múltiplex nestes 65 centros, que xestiona a empresa pública autonómica de telecomunicacións Retegal S.A., é un proxecto realizado con tecnoloxía galega, cun forte impacto na industria de telecomunicacións da Comunidade, fabricantes, instaladores e enxeñarías.

Asemade, grazas aos novos múltiplex, unhas 4.000 familias que en Galicia vían recibindo o servizo de TDT por vía satélite, ao encontrárense en zonas de sombra, poden disfrutar agora das canles de TDT de forma automática.

Agárdase que nunha segunda etapa, durante os anos 2012 e 2013 o plan se estenda a outros 220 centros de cobertura rural, o que permitirá achegar a TDT ao 98 por cento da poboación de Galicia. ■

DESDE O PASADO MES DE SETEMBRO ESTANSE A ACENDER PROGRESIVAMENTE 65 EMISORES QUE PERMITEN ACHEGAR A OFERTA COMPLETA DA TDT A PRETO DE 280.000 PERSOAS EN TODA GALICIA

lecincoHD, MTV, La 10; e Canle MPE3: Nitro, Antena3HD, MarcaTV, 13TV.

Para poder seguir estas canles, os interesados deberán, en primeiro lugar, dispor da cobertura adecuada dos devanditos centros, podendo confirmar tanto o centro emisor como a calidade da cobertura por vía telefónica (981 572 154) ou na web da Oficina Técnica da TDT (www.tdt-galicia.es).



PROVINCIA	NÚMERO DE CENTROS	INVESTIMENTO	POBOACIÓN
A CORUÑA	17	548.000 €	108.450
LUGO	25	806.000 €	75.880
OURENSE	10	322.000 €	27.100
PONTEVEDRA	13	419.000 €	69.400
Total		1.995.000 €	280.830



O centro emisor de Domaio, en Moaña, cando se produxo o apagón analóxico.

MÚLTIPLEX

MÁIS CANLES

A instalación de novos múltiplex faise logo de que o Goberno aprobase o pasado mes de marzo un decreto que amplía a asignación fixada no anterior decreto de 2010 que regulaba a posta en marcha da TDT e o cese das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica. Con esta medida, cada unha das seis sociedades concesionarias do servizo público de ámbito

estatal de televisión privada accede a un múltiplex dixital de cobertura estatal, mentres que a Corporación RTVE accede a outros dous. Por outra banda, resérvase a cada unha das comunidades autónomas 2 múltiplex dixitais de cobertura autonómica. Desta maneira, pásase dos 5 múltiplex estatais a 8 novos múltiplex dixitais de TDT de ámbito estatal. Durante o Plan de Transición á

TDT, en Galicia puxéronse en marcha as canles de televisión dixital terrestre que substituían á obsoleta televisión analóxica, pasando a dispor de 5 múltiplex estatais e un autonómico con máis de 24 canles de televisión (cada múltiplex ten capacidade para 4 ó 5 canles de TV). Agora, coa ampliación, incrementouse a oferta de TDT, pasando a dispor de 9 múltiplex de TDT e máis de 40 canles de televisión.